Convenio de cooperación educativa coa Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia

Universidade de Vigo

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A FISCALIA DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA REALIZAR PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

REÚNENSE:

Dunha parte, Salustiano Mato de la Iglesia, reitor da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da comunidade autónoma de Galicia 90/2010, do 10 de xuño, publicado no *Diario Oficial de Galicia* (*DOG*) núm. 114, do 17 de xuño de 2010, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e o artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, e publicados no *DOG* núm. 21, do 2 de febreiro de 2010 (*BOE* núm. 69, do 20 de marzo de 2010).

Doutra, D. Carlos Varela García, Fiscal Superior de Galicia, en representación da Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia, con enderezo na Praza de Galicia, s/n, 1 piso. 15071, A Coruña.

Ambas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación educativa e

EXPOÑEN:

1 Que o interese de ambas as entidades é facilitar a preparación para o exercicio profesional do alumnado universitario nas áreas operativas das empresas e a súa incorporación futura ao traballo dentro da sociedade.

2 Con este fin, acordan establecer un convenio de cooperación educativa sometido ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA

O obxecto deste convenio é regular un programa de prácticas académicas externas entre a Universidade de Vigo e a Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia para facilitar a preparación para o exercicio profesional do estudantado en áreas operativas da entidade relacionadas coa súa formación universitaria e as posibles saídas profesionais desde os estudos cursados na Universidade de Vigo. Así, promoverase o futuro desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral das futuras persoas tituladas universitarias.

SEGUNDA

Dado o carácter formativo das prácticas académicas externas, da súa realización non se derivarán en ningún caso obrigas propias dunha relación laboral nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo.

A Fiscalía, dacordo co cometido que se lles asigna neste convenio, proporcionará a formación práctica aos alumnos que sexan seleccionados pola Universidade sempre que existan Fiscais dispostos a participar na formación como titores, que os seus xefes respectivos o autoricen e sempre no número que a Fiscalía determine.

TERCEIRA

A Universidade de Vigo axustarase á normativa aprobada para tramitar, xestionar e difundir as prácticas académicas externas.

De acordo coa devandita normativa, a Universidade de Vigo poderá delegar nunha entidade xestora a execución de prácticas externas extracurriculares. En virtude do convenio asinado para tal efecto entre a Universidade de Vigo e a Fundación Universidade de Vigo, a tramitación, a xestión e a difusión das prácticas externas extracurriculares será responsabilidade da Fundación Universidade de Vigo (Fuvi).

CUARTA

1 Poden realizar prácticas académicas externas:

a) O alumnado matriculado en calquera ensinanza impartida pola Universidade o polos centros adscritos a esta.

b) O estudantado doutras universidades españolas ou estranxeiras que, por razón de programas de mobilidade académica ou de convenios establecidos entre elas, se atopen cursando estudos na Universidade de Vigo ou nos centros adscritos a esta.

2 Para realizar as prácticas externas o alumnado deberá cumprir, cando proceda, os seguintes requisitos:

a) Estar matriculado na ensinanza universitaria á que se vinculan as competencias básicas, xenéricas e/ou específicas que adquirirá ao realizar a práctica.

b) No caso de prácticas externas curriculares, estar matriculado na materia vinculada, segundo o plan de estudos de que se trate.

c) Non manter ningunha relación contractual coa empresa, institución ou entidade pública ou privada, ou a propia universidade en que se van realizar as prácticas, salvo unha autorización conforme a normativa interna de cada universidade.

3 A Universidade de Vigo ou a entidade xestora realizará unha convocatoria pública nos centros universitarios afectados, en que se indicará o número de alumnado de prácticas e as condicións da práctica académica externa, garantindo os principios de transparencia, publicidade e igualdade de oportunidades.

QUINTA

O programa de prácticas académicas desenvolverase conforme os seguintes termos:

1 A duración das prácticas externas curriculares será a que estableza o plan de estudos correspondente nos termos establecidos polo artigo 12.6 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro.

2 A duración das prácticas externas extracurriculares axustarase á normativa complementaria desenvolvida pola Universidade de Vigo.

3 O alumnado contará cunha persoa titora da entidade colaboradora e con outra da Universidade de Vigo para realizar as prácticas

4 O horario das prácticas procurará en todos os casos adaptarse aos horarios lectivos. En particular, o alumnado ten dereito a realizar as probas de avaliación correspondentes aos estudos en que se matriculara e a entidade está obrigada a concederlle os permisos necesarios para asistir a elas.

5 O proxecto formativo en que se concreta a realización de cada práctica académica externa fixará os obxectivos educativos e as actividades que se desenvolverán.

6 Dereitos e deberes da persoa titora da entidade colaboradora

A persoa titora da entidade colaboradora terá os seguintes dereitos:

a) Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora por parte da Universidade de Vigo, en función dos termos establecidos por esta.

b) A ser informado da normativa que regula as prácticas externas así como do Proxecto Formativo e das condicións do seu desenvolvemento.

c) Ter acceso á Universidade de Vigo para obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.

Así mesmo terá os seguintes deberes:

a) Acoller ao estudante e organizar a actividade a desenvolver con arranxo ao establecido no Proxecto Formativo.

b) Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.

c) Informar ao estudante da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.

d) Coordinar co titor académico da Universidade de Vigo o desenvolvemento das actividades establecidas, incluíndo aquelas modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvemento da práctica, así como a comunicación e resolución de posibles incidencias que puidesen xurdir no desenvolvemento da mesma e o control de permisos para a

realización de exames.

e) Emitir un informe final que remitirá ao titor académico da Universidade de Vigo á conclusión das prácticas, que recollerá o número de horas realizadas polo estudante e no cal poderá valorar os seguintes aspectos referidos, no seu caso, tanto ás competencias xenéricas como ás específicas, previstas no correspondente proxecto formativo:

e.1) Capacidade técnica.

e.2) Capacidade de aprendizaxe.

e.3) Administración de traballos.

e.4) Habilidades de comunicación oral e escrita. No caso de estudantes con discapacidade que teñan dificultades na expresión oral, deberá indicarse o grado de autonomía para esta habilidade e si require dalgún tipo de recurso técnico e/ou humano para a mesma.

e.5) Sentido da responsabilidade.

e.6) Facilidade de adaptación.

e.7) Creatividade e iniciativa.

e.8) Implicación persoal.

e.9) Motivación.

e.10) Receptividade ás críticas.

e.11) Puntualidade.

e.12) Relacións coa súa contorna laboral.

e.13) Capacidade de traballo en equipo.

e.14) Aqueloutros aspectos que se consideren oportunos.

f) Proporcionar a formación complementaria que precise o estudante para a realización das prácticas.

g) Proporcionar ao estudante os medios materiais indispensables para o desenvolvemento da práctica.

h) Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do estudante.

i) Facilitar ao titor académico da Universidade de Vigo o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.

j) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudante como consecuencia da súa actividade como titor.

k) Prestar axuda e asistencia ao estudante, durante a súa estancia na entidade, para a resolución

daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza na mesma.

7 Dereitos e deberes do titor académico da Universidade de Vigo

O titor/a académico/a da Universidade de Vigo terá os seguintes dereitos:

a) Ao recoñecemento efectivo da súa actividade académica nos termos que estableza a Universidade de Vigo, de acordo coa súa normativa interna.

b) A ser informado da normativa que regula as prácticas externas así como das condicións baixo as que se desenvolverá a estancia do estudante a tutelar.

c) Ter acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.

Así mesmo, terá os seguintes deberes:

a) Velar polo normal desenvolvemento do Proxecto Formativo, garantindo a compatibilidade do horario de realización das prácticas coas obrigacións académicas, formativas e de representación e participación do estudante.

b) Facer un seguimento efectivo das prácticas coordinándose para iso co titor da entidade colaboradora e vistos, no seu caso, os informes de seguimento.

c) Autorizar as modificacións que se produzan no Proxecto Formativo.

d) Levar a cabo o proceso avaliador das prácticas do estudante tutelado de acordo co que se establece de conformidade cos procedementos que establece a Universidade de Vigo, cumprimentando o correspondente informe de avaliación.

e) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza como consecuencia da súa actividade como titor.

f) Informar ao órgano responsable das prácticas externas na Universidade de Vigo das posibles incidencias xurdidas.

g) Supervisar, e no seu caso solicitar, a adecuada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que os estudantes con discapacidade realicen as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

8 Dereitos e deberes dos estudantes en prácticas.

Durante a realización das prácticas académicas externas, os estudantes terán os seguintes dereitos:

a) Á tutela, durante o período de duración da correspondente práctica, por un profesor da Universidade de Vigo e por un profesional que preste servizos na institución ou entidade onde se realice a mesma.

b) Á avaliación de acordo cos criterios establecidos pola Universidade de Vigo.

c) Á obtención dun informe por parte da entidade colaboradora onde realizou as prácticas, con mención expresa da actividade desenvolvida, a súa duración e, no seu caso, o seu rendemento.

d) A percibir, nos casos en que así se estipule, a achega económica da entidade colaboradora, en concepto de bolsa ou axuda ao estudo.

e) Á propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.

f) A recibir, por parte da entidade colaboradora, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.

g) A cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, previa comunicación con antelación suficiente á entidade colaboradora.

h) A dispoñer dos recursos necesarios para o acceso dos estudantes con discapacidade á tutela, á información, á avaliación e ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.

i) A conciliar, no caso dos estudantes con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.

j) Aqueloutros, no seu caso, previstos na normativa da Universidade de Vigo.

Así mesmo e, durante a realización das prácticas académicas externas os estudantes deberán atender ao cumprimento dos seguintes deberes:

a) Cumprir a normativa vixente relativa a prácticas externas establecida pola Universidade de Vigo.

b) Coñecer e cumprir o Proxecto Formativo das prácticas seguindo as indicacións do titor asignado pola entidade colaboradora baixo a supervisión do titor académico da Universidade de Vigo.

c) Manter contacto co titor académico da Universidade de Vigo durante o desenvolvemento da práctica e comunicarlle calquera incidencia que poida xurdir no mesmo, así como facer entrega dos documentos e a memoria final que lle sexan requiridos.

d) Incorporarse á entidade colaboradora de que se trate na data acordada, cumprir o horario previsto no proxecto educativo e respectar as normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborais da mesma.

e) Desenvolver o Proxecto Formativo e cumprir con dilixencia as actividades acordadas coa entidade colaboradora conforme ás liñas establecidas no mesmo.

f) Elaboración da memoria final das prácticas na que deberá figurar, entre outros, os seguintes aspectos: datos persoais do estudante; entidade colaboradora onde realizou as prácticas e lugar de ubicación; descrición concreta e detallada das tarefas; traballos desenvolvidos e departamentos da entidade aos que estivo asignado; valoración das tarefas desenvolvidas cos

coñecementos e competencias adquiridos en relación cos estudos universitarios; relación dos problemas suscitados e o procedemento seguido para a súa resolución; identificación das achegas que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas; avaliación das prácticas e suxestións de mellora.

g) Gardar confidencialidade en relación coa información interna da entidade colaboradora e gardar segredo profesional sobre as súas actividades, durante a súa estancia e finalizada esta.

h) Mostrar, en todo momento, unha actitude respetuosa cara á política da entidade colaboradora, salvagardando o bo nome da universidade á que pertence.

i) Aproveitar ao máximo as posibilidades de aprendizaxe que a Fiscalía ofreza e realizar as tarefas que a fiscalía encomende

k) Respetar os regulamentos e normas da Fiscalía

9 Ao finalizar as prácticas, a Fiscalía e a Universidade de Vigo entregaranlle a cada estudante un certificado que conterá como mínimo os seguintes aspectos:

a) Titular do documento.
b) Entidade colaboradora onde se realizaron as prácticas.
c) Descrición da práctica especificando a súa duración e datas de realización.
d) Actividades realizadas.

10 A persoa titora da entidade colaboradora poderá recibir o recoñecemento da Universidade de Vigo polo labor realizado.

11 Coa finalidade de manter en todo momento o rexistro de estudantes participantes baixo este convenio, a entidade comunicaralle á Universidade de Vigo ou á entidade xestora calquera alta e baixa que se produza. Xunto á alta de cada estudante, a entidade comunicará a data do comezo e finalización das prácticas, o período de vacacións se o houbese, o lugar do desenvolvemento e o seu contido.

SEXTA

O período de prácticas non constitúe, baixo ningún concepto, unha relación laboral entre o alumnado e a Fiscalía nin coa Universidade de Vigo ou a entidade xestora.

Non poderá formalizarse un contrato de traballo entre a Fiscalía e o estudantado mentres non finalice a práctica.

SÉTIMA

A Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia poderá concederlle a cada estudante seleccionado unha bolsa mensual para realizar prácticas académicas externas, axustándose á normativa complementaria desenvolvida pola Universidade.

OITAVA

Segundo a Resolución da Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, do 25 de marzo de 1999, as prácticas en empresas ou entidades que realicen as e os estudantes estarán cubertas polo seguro escolar, sempre que o alumnado estea matriculado e ao corrente do pago do citado seguro.

A Universidade de Vigo ten subscrito ademais un seguro de responsabilidade civil e outro de accidentes, complementarios ao seguro escolar.

A inclusión no réxime xeral da Seguridade Social do estudantado que realice prácticas académicas externas, rexerase polo establecido no R.D. 1493/2011 de 24 de outubro e polo desenvolvemento normativo establecido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

NOVENA

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo, que non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio, de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e o disposto no Real decreto 1720/2007, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da mencionada lei orgánica e, en todo momento, as disposicións vixentes na materia.

DÉCIMA

Este convenio non supón ningún gasto para a Universidade de Vigo, polo que non se precisa consignación orzamentaria.

DÉCIMO PRIMEIRA

Créase unha comisión paritaria de seguimento do presente convenio integrada por:

O Vicerreitor de Transferencia do Coñecemento ou persoa en quen delegue, en representación da Universidade de Vigo.

O representante da Entidade colaboradora que asina o presente Convenio ou persoa en quen delegue, en representación da Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta comisión resolverá os problemas que suscite este convenio na súa execución, garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos e proporalles ás entidades outorgantes xeitos de aumentar a súa eficacia. Reuniranse cando así o considere oportuno cada unha das partes.

DÉCIMO SEGUNDA

1 Este convenio entrará en vigor a partir da data da súa sinatura e terá unha duración dun ano. Prorrogarase automaticamente por un período igual de tempo, salvo unha denuncia expresa por algunha das partes, que deberá comunicalo cunha antelación mínima dun mes antes do seu vencemento.

2 O presente convenio poderá rematar ademais polas seguintes causas:

a) Por acordo mutuo das persoas asinantes.

b) Se se producisen circunstancias que fixesen imposible realizar as actuacións previstas no convenio.

c) Polo incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no presente convenio.

3 Se no momento da rescisión algún ou algunha estudante estivese realizando prácticas, continuará estas ata o remate establecido.

4 Coa sinatura deste convenio queda derrogado calquera outro que coa mesma finalidade asinaran as partes.

DÉCIMO TERCEIRA

1 A Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia e a Universidade de Vigo comprométense a resolver de xeito amistoso calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio.

2 As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas, en primeira instancia, pola comisión mixta paritaria. Os conflitos que poidan xurdir polas partes, e que non se poidan resolver na comisión mixta, someteranse á resolución da xurisdición contencioso-administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

E, como proba de conformidade, as partes comparecentes asinan por duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados a continuación.

Vigo 26 de febreiro de 2014

UNIVERSIDADE DE VIGO - 1990 - REITORIA

O reitor da Universidade de Vigo

Fiscal Superior de Galicia

FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
PLAZA DE GALICIA
A CORUÑA

Convenio de cooperación educativa con la Fiscalía de la Comunidad Autónoma de Galicia

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE LA FISCALÍA DE LA COMUNIDAD AUTÓNOMA DE GALICIA Y LA UNIVERSIDAD DE VIGO PARA REALIZAR PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

SE REÚNEN:

De una parte, Salustiano Mato de la Iglesia, rector de la Universidad de Vigo, nombrado según el Decreto de la Comunidad Autónoma de Galicia 90/2010, de 10 de junio, publicado en el *Diario Oficial de Galicia* (*DOG*) núm. 114, de 17 de junio de 2010, de acuerdo con las competencias que le otorga el artículo 20 de la Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre, de Universidades, y el artículo 58 de los Estatutos de la Universidad de Vigo, aprobados por el Decreto 7/2010, de 14 de enero, y publicados en el *DOG* núm. 21, de 2 de febrero de 2010 (*BOE* núm. 69, de 20 de marzo de 2010).

De otra, D. Carlos Varela García, Fiscal Superior de Galicia, en representación de la Fiscalía de la Comunidad Autónoma de Galicia, con domicilio en la Plaza de Galicia, s/n, 1° piso, 15071, A Coruña.

Ambas partes tienen plena capacidad para llevar adelante el presente convenio de cooperación educativa y

EXPONEN:

1 Que el interés de ambas entidades es facilitar la preparación para el ejercicio profesional del alumnado universitario en las áreas operativas de las empresas y su incorporación futura al trabajo dentro de la sociedad.

2 Con este fin, acuerdan establecer un convenio de cooperación educativa sometido a las siguientes

CLÁUSULAS

PRIMERA

El objeto de este convenio es regular un programa de prácticas académicas externas entre la Universidad de Vigo y la Fiscalía de la Comunidad Autónoma de Galicia para facilitar la preparación para el ejercicio profesional del estudiantado en áreas operativas de la empresa relacionadas con su formación universitaria y las posibles salidas profesionales desde los estudios cursados en la Universidad de Vigo. Así, se promoverá el futuro desarrollo profesional y el acceso al mercado laboral de las futuras personas tituladas universitarias.

SEGUNDA

Dado el carácter formativo de las prácticas académicas externas, de su realización no se derivarán en ningún caso obligaciones propias de una relación laboral ni su contenido podrá dar lugar a la sustitución de la prestación laboral propia de puestos de trabajo.

La Fiscalía, de acuerdo con el cometido que se les asigna en este convenio, proporcionarán la formación práctica a los alumnos que sean seleccionados por la Universidad siempre que existan Fiscales dispuestos a participar en la formación como tutores, que sus jefes respectivos lo autoricen y siempre en el número que la Fiscalía determine.

TERCERA

La Universidad de Vigo se ajustará a la normativa aprobada para tramitar, gestionar y difundir las prácticas académicas externas.

De acuerdo con dicha normativa, la Universidad de Vigo podrá delegar en una entidad gestora la ejecución de prácticas externas extracurriculares. En virtud del convenio firmado a tal efecto entre la Universidad de Vigo y la Fundación Universidad de Vigo, la tramitación, la gestión y la difusión de las prácticas externas extracurriculares será responsabilidad de la Fundación Universidad de Vigo (Fuvi).

CUARTA

1 Pueden realizar prácticas académicas externas:

a) El alumnado matriculado en cualquier enseñanza impartida por la Universidad o por los centros adscritos a esta.

b) El estudiantado de otras universidades españolas o extranjeras que, por razón de programas de movilidad académica o de convenios establecidos entre ellas, se encuentren cursando estudios en la Universidad de Vigo o en los centros adscritos a esta.

2 Para realizar las prácticas externas el alumnado deberá cumplir, cuando proceda, los siguientes requisitos:

a) Estar matriculado en la enseñanza universitaria a la que se vinculan las competencias básicas, genéricas y/o específicas que adquirirá al realizar la práctica.

b) En el caso de prácticas externas curriculares, estar matriculado en la materia vinculada, según el plan de estudios de que se trate.

c) No mantener ninguna relación contractual con la empresa, institución o entidad pública o privada, o con la propia universidad en que se van a realizar las prácticas, salvo una autorización conforme a la normativa interna de cada universidad.

3 La Universidad de Vigo o la entidad gestora realizará una convocatoria pública en los centros universitarios afectados, en que se indicará el número de alumnado de prácticas y las condiciones de la práctica académica externa, garantizando los principios de transparencia, publicidad e igualdad de oportunidades.

QUINTA

El programa de prácticas académicas se desarrollará conforme a los siguientes términos:

1 La duración de las prácticas externas curriculares será la que establezca el plan de estudios correspondiente en los términos establecidos por el artículo 12.6 del Real Decreto 1393/2007, de 29 de octubre.

2 La duración de las prácticas externas extracurriculares se ajustará a la normativa complementaria desarrollada por la Universidad de Vigo.

3 El alumnado contará con una persona tutora de la entidad colaboradora y con otra de la Universidad de Vigo para realizar las prácticas.

4 El horario de las prácticas procurará en todos los casos adaptarse a los horarios lectivos. En particular, el alumnado tiene derecho a realizar las pruebas de evaluación correspondientes a los estudios en que se hubiese matriculado y la empresa está obligada a concederle los permisos necesarios para asistir a ellas.

5 El proyecto formativo en que se concreta la realización de cada práctica académica externa fijará los objetivos educativos y las actividades que se desarrollarán.

6 Derechos y deberes de la persona tutora de la entidad colaboradora

La persona tutora de la entidad colaboradora tendrá los siguientes derechos:

a) Al reconocimiento de su actividad colaboradora por parte de la Universidad de Vigo, en función de los términos establecidos por esta.

b) A ser informado de la normativa que regula las prácticas externas así como del Proyecto Formativo y de las condiciones de su desarrollo.

c) Tener acceso a la Universidad de Vigo para obtener la información y el apoyo necesarios para el cumplimiento de los fines propios de su función.

Asimismo tendrá los siguientes deberes:

a) Acoger al estudiante y organizar la actividad a desarrollar con arreglo a lo establecido en el Proyecto Formativo.

b) Supervisar sus actividades, orientar y controlar el desarrollo de la práctica con una relación basada en el respeto mutuo y el compromiso con el aprendizaje.

c) Informar al estudiante de la organización y funcionamiento de la entidad y de la normativa de interés, especialmente la relativa a la seguridad y riesgos laborales.

d) Coordinar con el tutor académico de la Universidad de Vigo el desarrollo de las actividades establecidas, incluyendo aquellas modificaciones del plan formativo que puedan ser necesarias para el normal desarrollo de la práctica, así como la comunicación y resolución de posibles incidencias que pudieran surgir en el desarrollo de la misma y el control de permisos para la realización de exámenes.

e) Emitir un informe final que remitirá al tutor académico de la Universidad de Vigo a la conclusión de las prácticas, que recogerá el número de horas realizadas por el estudiante y en el cual podrá valorar los siguientes aspectos referidos, en su caso, tanto a las competencias genéricas como a las específicas, previstas en el correspondiente proyecto formativo:

e.1) Capacidad técnica.

e.2) Capacidad de aprendizaje.

e.3) Administración de trabajos.

e.4) Habilidades de comunicación oral y escrita. En el caso de estudiantes con discapacidad que tengan dificultades en la expresión oral deberá indicarse el grado de autonomía para esta habilidad y si requiere de algún tipo de recurso técnico y/o humano para la misma.

e.5) Sentido de la responsabilidad.

e.6) Facilidad de adaptación.

e.7) Creatividad e iniciativa.

e.8) Implicación personal.

e.9) Motivación.

e.10) Receptividad a las críticas.

e.11) Puntualidad.

e.12) Relaciones con su entorno laboral.

e.13) Capacidad de trabajo en equipo.

e.14) Aquellos aspectos que se consideren oportunos.

f) Proporcionar la formación complementaria que precise el estudiante para la realización de las prácticas.

g) Proporcionar al estudiante los medios materiales indispensables para el desarrollo de la práctica.

h) Facilitar y estimular la aportación de propuestas de innovación, mejora y emprendimiento por parte del estudiante.

i) Facilitar al tutor académico de la Universidad de Vigo el acceso a la entidad para el cumplimiento de los fines propios de su función.

j) Guardar confidencialidad en relación con cualquier información que conozca del estudiante como consecuencia de su actividad como tutor.

k) Prestar ayuda y asistencia al estudiante, durante su estancia en la entidad, para la resolución de aquellas cuestiones de carácter profesional que pueda necesitar en el desempeño de las

actividades que realiza en la misma.

7 Derechos y deberes del tutor académico de la Universidad de Vigo

El/La tutor/a académico/a de la Universidad de Vigo tendrá los siguientes derechos:

a) Al reconocimiento efectivo de su actividad académica en los términos que establezca la Universidad de Vigo, de acuerdo con su normativa interna.

b) A ser informado de la normativa que regula las prácticas externas así como de las condiciones bajo las cuales se desarrollará la estancia del estudiante a tutelar.

c) Tener acceso a la entidad para el cumplimiento de los fines propios de su función.

Asimismo, tendrá los siguientes deberes:

a) Velar por el normal desarrollo del Proyecto Formativo, garantizando la compatibilidad del horario de realización de las prácticas con las obligaciones académicas, formativas y de representación y participación del estudiante.

b) Hacer un seguimiento efectivo de las prácticas coordinándose para ello con el tutor de la entidad colaboradora y vistos, en su caso, los informes de seguimiento.

c) Autorizar las modificaciones que se produzcan en el Proyecto Formativo.

d) Llevar a cabo el proceso evaluador de las prácticas del estudiante tutelado de acuerdo con el cual se establece de conformidad con los procedimientos que establece la Universidad de Vigo, cumplimentando el correspondiente informe de evaluación.

e) Guardar confidencialidad en relación con cualquier información que conozca como consecuencia de su actividad como tutor.

f) Informar al órgano responsable de las prácticas externas en la Universidad de Vigo de las posibles incidencias surgidas.

g) Supervisar, y en su caso solicitar, la adecuada disposición de los recursos de apoyo necesarios para asegurar que los estudiantes con discapacidad realicen sus prácticas en condiciones de igualdad de oportunidades, no discriminación y accesibilidad universal.

8 Derechos y deberes de los estudiantes en prácticas.

Durante la realización de las prácticas académicas externas, los estudiantes tendrán los siguientes derechos:

a) A la tutela, durante el período de duración de la correspondiente práctica, por un profesor de la Universidad de Vigo y por un profesional que preste servicios en la empresa, institución o entidad donde se realice la misma.

b) A la evaluación de acuerdo con los criterios establecidos por la Universidad de Vigo.

c) A la obtención de un informe por parte de la entidad colaboradora donde realizó las prácticas, con mención expresa de la actividad desarrollada, su duración y, en su caso, su rendimiento.

d) A percibir, en los casos en que así se estipule, la aportación económica de la entidad colaboradora, en concepto de beca o ayuda al estudio.

e) A la propiedad intelectual e industrial en los términos establecidos en la legislación reguladora de la materia.

f) A recibir, por parte de la entidad colaboradora, información de la normativa de seguridad y prevención de riesgos laborales.

g) A cumplir con su actividad académica, formativa y de representación y participación, previa comunicación con antelación suficiente a la entidad colaboradora.

h) A disponer de los recursos necesarios para el acceso de los estudiantes con discapacidad a la tutela, a la información, a la evaluación y al propio desempeño de las prácticas en igualdad de condiciones.

i) A conciliar, en el caso de los estudiantes con discapacidad, la realización de las prácticas con aquellas actividades y situaciones personales derivadas o conectadas con la situación de discapacidad.

j) Aquellos, en su caso, previstos en la normativa de la Universidad de Vigo.

Asimismo, y durante la realización de las prácticas académicas externas, los estudiantes deberán atender al cumplimiento de los siguientes deberes:

a) Cumplir la normativa vigente relativa a prácticas externas establecida por la Universidad de Vigo.

b) Conocer y cumplir el Proyecto Formativo de las prácticas siguiendo las indicaciones del tutor asignado por la entidad colaboradora bajo la supervisión del tutor académico de la Universidad de Vigo.

c) Mantener contacto con el tutor académico de la Universidad de Vigo durante el desarrollo de la práctica y comunicarle cualquier incidencia que pueda surgir en el mismo, así como hacer entrega de los documentos y la memoria final que le sean requeridos.

d) Incorporarse a la entidad colaboradora de que se trate en la fecha acordada, cumplir el horario previsto en el proyecto educativo y respetar las normas de funcionamiento, seguridad y prevención de riesgos laborales de la misma.

e) Desarrollar el Proyecto Formativo y cumplir con diligencia las actividades acordadas con la entidad colaboradora conforme a las líneas establecidas en el mismo.

f) Elaboración de la memoria final de las prácticas en la que deberá figurar, entre otros, los siguientes aspectos: datos personales del estudiante; entidad colaboradora donde realizó las prácticas y lugar de ubicación; descripción concreta y detallada de las tareas; trabajos desarrollados y departamentos de la entidad a los que estuvo asignado; valoración de las tareas desarrolladas con los conocimientos y competencias adquiridos en relación con los

estudios universitarios; relación de los problemas suscitados y el procedimiento seguido para su resolución; identificación de las aportaciones que, en materia de aprendizaje, supusieron las prácticas; evaluación de las prácticas y sugerencias de mejora.

g) Guardar confidencialidad en relación con la información interna de la entidad colaboradora y guardar secreto profesional sobre sus actividades, durante su estancia y finalizada esta.

h) Mostrar, en todo momento, una actitud respetuosa hacia la política de la entidad colaboradora, salvaguardando el buen nombre de la universidad a la que pertenece.

i) Aprovechar al máximo las posibilidades de aprendizaje que la Fiscalía ofrezca y realizar las tareas que la fiscalía encomiende.

k) Respetar los reglamentos y normas de la Fiscalía.

9 Al finalizar las prácticas, la Fiscalía y la Universidad de Vigo entregarán a cada estudiante un certificado que contendrá como mínimo los siguientes aspectos:

a) Titular del documento.
b) Entidad colaboradora donde se realizaron las prácticas.
c) Descripción de la práctica especificando su duración y fechas de realización.
d) Actividades realizadas.

10 La persona tutora de la entidad colaboradora podrá recibir el reconocimiento de la Universidad de Vigo por el cometido realizado.

11 Con la finalidad de mantener en todo momento el registro de estudiantes participantes bajo este convenio, la entidad le comunicará a la Universidad de Vigo o a la entidad gestora cualquier alta y baja que se produzca en la empresa. Junto al alta de cada estudiante, la empresa comunicará la fecha del comienzo y finalización de las prácticas, el período de vacaciones si lo hubiera, el lugar del desarrollo y su contenido.

SEXTA

El período de prácticas no constituye, bajo ningún concepto, una relación laboral entre el alumnado y la Fiscalía ni con la Universidad de Vigo o la entidad gestora.

No podrá formalizarse un contrato de trabajo entre la Fisclaía y el estudiantado mientras no finalice la práctica.

SÉPTIMA

La Fiscalía de la Comunidad Autónoma de Galicia podrá concederle a cada estudiante seleccionado una beca mensual para realizar prácticas académicas externas, ajustándose a la normativa complementaria desarrollada por la Universidad.

OCTAVA

Según la Resolución de la Dirección General de Ordenación de la Seguridad Social, de 25 de marzo de 1999, las prácticas en empresas que realicen las y los estudiantes estarán cubiertas por el seguro escolar, siempre que el alumnado esté matriculado y al corriente del pago del citado seguro.

La Universidad de Vigo ha suscrito además un seguro de responsabilidad civil y otro de accidentes, complementarios al seguro escolar.

La inclusión en el régimen general de la Seguridad Social del estudiantado que realice prácticas académicas externas se regirá por lo establecido en el RD 1493/2011, de 24 de octubre, y por el desarrollo normativo establecido por la Tesorería General de la Seguridad Social.

NOVENA

Las partes se comprometen a tratar los datos de carácter personal con la finalidad exclusiva de realizar el servicio, que no serán objeto de ningún tratamiento distinto a lo previsto en este convenio, de conformidad con lo dispuesto en la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de protección de datos de carácter personal, y lo dispuesto en el Real Decreto 1720/2007, por el que se aprueba el Reglamento de desarrollo de la mencionada ley orgánica y, en todo momento, las disposiciones vigentes en la materia.

DÉCIMA

Este convenio no supone ningún gasto para la Universidad de Vigo, por lo que no se precisa consignación presupuestaria.

UNDÉCIMA

Se crea una comisión paritaria de seguimiento del presente convenio integrada por:

El Vicerrector de Transferencia del Conocimiento o persona en quien delegue, en representación de la Universidad de Vigo.

El representante de la Entidad colaboradora que firma el presente Convenio o persona en quien delegue, en representación de la Fiscalía de la Comunidad Autónoma de Galicia.

Esta comisión resolverá los problemas que suscite este convenio en su ejecución, garantizará el desarrollo normal de los compromisos asumidos y les propondrá a las entidades otorgantes maneras de aumentar su eficacia. Se reunirán cuando así lo considere oportuno cada una de las partes.

DUODÉCIMA

1 Este convenio entrará en vigor a partir de la fecha de su firma y tendrá una duración de un año. Se prorrogará automáticamente por un período igual de tiempo, salvo denuncia expresa por alguna de las partes, que deberá comunicarlo con una antelación mínima de un mes antes de su vencimiento.

2 El presente convenio podrá terminar además por las siguientes causas:

a) Por acuerdo mutuo de las personas firmantes.

b) Si se produjeran circunstancias que hicieran imposible realizar las actuaciones previstas en el convenio.

c) Por el incumplimiento de los compromisos y de las obligaciones establecidas en el presente convenio.

3 Si en el momento de la rescisión algún o alguna estudiante estuviera realizando prácticas, continuará estas hasta el remate establecido.

4 Con la firma de este convenio queda derogado cualquier otro que con la misma finalidad hubieran firmado las partes.

DECIMOTERCERA

1 La Fiscalía de la Comunidad Autónoma de Galicia y la Universidad de Vigo se comprometen a resolver de manera amistosa cualquier desacuerdo que pueda surgir en el desarrollo del presente convenio.

2 Las cuestiones litigiosas que surjan con respecto a la interpretación, modificación, resolución y efectos del presente convenio serán resueltas, en primera instancia, por la comisión mixta paritaria. Los conflictos que puedan surgir por las partes, y que no se puedan resolver en la comisión mixta, se someterán a la resolución de la jurisdicción contencioso-administrativa, dado el carácter administrativo del convenio.

Y como prueba de conformidad, las partes comparecientes firman por triplicado el presente convenio, en el lugar y fecha indicados a continuación.

Vigo, 26 de febrero de 2014.

El rector de la Universidad de Vigo

Fiscal Superior de Galicia